

MANIFESTACIÓN DO ENSINO DE CAMARIÑAS CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

Este luns 27 tivo lugar a manifestación contra a violencia de xénero dentro da Campaña "En negro contra as violencias machistas". Estiveron presentes Sandra Insua, concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, outros membros da corporación, e o alumnado e profesorado dos CEIP de Camariñas e Ponte do Porto e do IES Pedra de Aguiá. No acto, proxectáronse vídeos elaborados polo alumnado 6º do CEIP Ponte do Porto e do grupo da biblioteca do IES Pedra da Aguiá, léronse dous poemas de Alba Canosa, "Valentía" e "Sentidos", e o manifesto "Camariñas contra a violencia de xénero". Finalmente, proxectouse un vídeo coas empresas e establecementos de Camariñas que participaron na campaña "Camariñas en Negro".

